

PAISAXE CON FERIDA

Despois de case vinte anos sen ofrecernos mostras do seu quefacer poético, Lois Diéguez volve ó xénero no que debutara na literatura con *Ónfalos*, un poemario elexíaco onde a dor pola morte da irmá acaba sendo a chave para evocar os días da infancia, as paisaxes natais, a protección dunha casa que xa non existe... pois, á fin, *“lembrar acaso sexa/ o intento de querer/ que as augas suban/ polo río da memoria”*. Así, o eu poético deixa unha lembranza perenne, un fito escultórico (o ónfalos) a xeito de máxima representación da tristeza infinda e a ilimitada vivencia da ferida que agora o traspasa: *“O tempo pasa./ Volven só os reflexos/ a memoria que sostén o espellismo/ para non morrer”*.

Tempos Novos, 62, xullo 2002, p. 76

